

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1228	Técnicas de almacén	2022/2023	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALMUDENA ORJALES SOMOZA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica as tarefas diarias necesarias para realizar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén, aproveitando optimamente os recursos dispoñibles
RA2 - Aplica técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén, controlando os tempos de manipulación e as condicións de almacenamento en función das características da mercadoría
RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte
RA4 - Aplica técnicas de xestión de existencias de mercadorías no almacén, analizando parámetros de control e realizando inventarios
RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Organízase a información das operacións e os fluxos previstos no almacén durante un determinado período de tempo
CA1.2 Asígnáronse ao persoal as tarefas diarias do almacén de acordo cos tempos asignados a cada actividade
CA1.3 Transmíronse correctamente ao persoal correspondente as ordes e/ou instrucións de traballo
CA1.4 Rexístranse as entradas e saídas de mercadorías previstas do almacén no sistema de xestión de existencias
CA1.5 Realízase o control diario das existencias do almacén, de xeito que se garantan as necesidades da clientela interna ou externa
CA1.6 Utilízanse medios de comunicación e transmisión electrónicos (EDI) para a coordinación e o seguimento de mercadorías no almacén
CA2.1 Organízase a descarga das mercadorías dos vehículos, asignándolle o peirao correspondente do almacén
CA2.2 Verifícase a correspondencia entre a mercadoría descargada e a documentación que a acompaña
CA2.3 Investíganse as causas polas que se devolvera mercadoría ao almacén
CA2.4 Identifícanse as instrucións de descarga e manipulación que conteñen as fichas de cada mercadoría, de xeito que se asegure a súa integridade e a súa rastrexabilidade
CA2.5 Calculáronse os tempos de manipulación das mercadorías, mellorando as operacións e cumprindo a normativa de seguridade e prevención de riscos laborais
CA2.6 Organízase a desconsolidación da carga e a desembalaxe das mercadorías
CA2.7 Asígnouse unha colocación axeitada á mercadoría recibida, tendo en conta as súas características de caducidade e rotación, entre outras
CA3.1 Transmíronse as instrucións de preparación de pedidos polo sistema de xestión implantado
CA3.2 Optimízase a colocación de mercadorías nas unidades de carga, reducindo ocos e asegurando a súa estiba
CA3.3 Determinouse o método de preparación de pedidos e/ou embalaxe máis axeitado para as características da mercadoría e do almacén
CA3.4 Diseñouse o sistema de abastecemento de mercadorías á zona de preparación de pedidos, mellorando as operacións necesarias
CA3.5 Realízase a sinalización, a rotulación, a codificación, a etiquetaxe, etc., das mercadorías que se vaian expedir

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Confeccionouse a documentación que se lle achega á mercadoría expedida
CA3.7 Consideráronse as condicións do seguro máis favorables para a empresa, no transporte da mercadoría expedida
CA3.8 Elixíuse o medio transporte máis axeitado para a mercadoría expedida
CA4.1 Calculáronse os parámetros de xestión e control de inventarios utilizados habitualmente no almacén
CA4.2 Establecéronse criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias
CA4.3 Establecéronse sistemas de control de inventarios realizados por medios convencionais ou informáticos
CA4.6 Propuxéronse medidas que corrixan os descadramentos de almacén, e transmitíronse as incidencias de acordo coas especificacións establecidas
CA5.7 Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA4 - Aplica técnicas de xestión de existencias de mercadorías no almacén, analizando parámetros de control e realizando inventarios
RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades
RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade
RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Establecéronse normas ou protocolos de funcionamento de almacén que regularicen as diferenzas achadas, de ser o caso, na realización de inventarios
CA4.5 Identificáronse as causas polas que poden existir descadramentos entre as existencias físicas e as contables
CA4.6 Propuxéronse medidas que corrixan os descadramentos de almacén, e transmitíronse as incidencias de acordo coas especificacións establecidas
CA5.1 Determinouse a cantidade de persoal asignado a cada operación de almacén en función das ordes e das especificacións recibidas
CA5.2 Asígnouse persoal a cada tarefa do almacén, respectando a normativa laboral e a de seguridade e prevención de riscos laborais
CA5.3 Establecéronse sistemas de comunicación das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén
CA5.4 Establecéronse métodos de control de desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, de acordo cos sistemas de calidade implantados pola organización
CA5.5 Establecéronse cronogramas para realizar as operacións habituais do almacén que melloren a produtividade
CA5.6 Caracterizáronse as necesidades de información e formación do persoal do almacén

Criterios de avaliación do currículo

CA5.7 Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo
CA6.1 Determináronse as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas de xeito eficiente mediante aplicacións informáticas
CA6.2 Determináronse as aplicacións informáticas existentes no mercado que poden xestionar as tarefas do almacén
CA6.3 Utilizáronse aplicacións informáticas axeitadas para realizar a xestión comercial do almacén
CA6.4 Utilizáronse simuladores axeitados para a optimización de cargas, paletización, embalaxes e medios de transporte
CA6.5 Determináronse solucións loxísticas para a automatización e a eficiencia das tarefas do almacén
CA6.6 Utilizáronse aplicacións informáticas para a mellora continua do sistema de calidade da empresa
CA7.1 Determináronse as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén
CA7.2 Determinouse a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías
CA7.3 Caracterizáronse as medidas que cumpra adoptar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén
CA7.4 Estableceuse o procedemento que haxa que seguir no caso de accidentes no almacén
CA7.5 Descríbóronse as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén
CA7.6 Descríbóronse as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha nota de 5 ou superior en cada unha das partes da proba. En ningún caso haberá compensación entre as cualificacións de ambas probas, se algunha non é maior ou igual a cinco (5).

A cualificación final correspondente da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeados á unidade máis próxima. No caso de non superar a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos (4)

MÍNIMOS EXIXIBLES:

- ¿ Loxística na empresa: concepto, obxectivos e actividades que abrangue.
- ¿ Almacén: concepto e tipos, atendendo a diversos criterios.
- ¿ Plataformas loxísticas.
- ¿ Operacións dun almacén.
- ¿ Deseño de almacéns.
- ¿ Recursos humanos no almacén.



- ¿ Clases de mercadorías almacenadas
- ¿ Codificación de mercadorías.
- ¿ Sistemas de almacenaxe.
- ¿ Unidades de almacenaxe: concepto, calidades e tipos (palés e contedores). Sistemas de seguimento de mercadorías: codificación, lectores, radiofrecuencia e recoñecemento de voz.
- ¿ Equipamentos de manipulación e almacenamento.
- ¿ Peiraos de carga e descarga.
- ¿ Documentos de acompañamento da mercadoría.
- ¿ Loxística inversa.
- ¿ Rastrexabilidade das mercadorías.
- ¿ Consolidación e desconsolidación de mercadorías.
- ¿ Caducidade das mercadorías.
- ¿ Mercadorías especiais.
- ¿ Zonificación de almacéns.
- ¿ Rotación de mercadorías no almacén.
- ¿ Ordes de pedido.
- ¿ Sistemas de preparación de pedidos.
- ¿ Fases na preparación de pedidos
- ¿ Localización de mercadorías no almacén.
- ¿ Embalaxe da mercadoría.
- ¿ Sinalización e rotulación do pedido.
- ¿ Etiquetaxe.
- ¿ Normativa de sinalización.
- ¿ Recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación.
- ¿ Materiais e equipamentos de embalaxe.
- ¿ Consolidación de mercadorías
- ¿ Documentación de envíos.
- ¿ Transporte de mercadorías.
- ¿ Seguros sobre mercadorías.
- ¿ Xestión de residuos de almacén.
- ¿ Normativa ambiental en materia de almacenaxe e xestión de residuos
- ¿ Existencias de mercadorías.
- ¿ Comportamento das existencias: existencias mínimas, medias, de seguridade e de ciclo, punto de pedido, lote económico, prazo de entrega e prazo de reaprovisionamento. Rotura de existencias e o seu custo.
- ¿ Sistemas de reposición de existencias.
- ¿ Valoración de existencias: criterios e métodos.
- ¿ Recontos e inventarios.
- ¿ Departamento de loxística.
- ¿ Principais ocupacións dentro do almacén.
- ¿ Traballo en equipo dentro do almacén.
- ¿ Interdependencia nas relacións profesionais no almacén.
- ¿ Técnicas de comunicación no traballo en equipo do almacén.
- ¿ Comunicación verbal e non verbal.
- ¿ Escoita activa.
- ¿ Técnicas de comportamento asertivo en equipo dentro do almacén.



- ¿ Coordinación de equipos de traballo no almacén.
- ¿ Necesidades de formación do equipamento do almacén.
- ¿ Informática nos almacéns.
- ¿ Aplicacións informáticas específicas utilizadas na xestión de almacéns.¿ Simuladores de tarefas.
- ¿ Automatización de almacéns.
- ¿ Sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén.
- ¿ Sistemas de información e comunicación no almacén.
- ¿ Calidade do servizo de almacenamento de mercadorías.
- ¿ Nivel de servizo á clientela.
- ¿ Normativa de seguridade e hixiene no almacén.
- ¿ Normativa de prevención de riscos laborais no almacén.
- ¿ Normativa de seguridade no almacenamento de mercadorías perigosas. Normativa de seguridade e hixiene no almacenamento de mercadorías perecedoiras.
 - ¿ Riscos laborais no almacenamento de mercadorías.
 - ¿ Sinais de seguridade
 - ¿ Normativa e recomendacións de traballo e seguridade en equipamentos e en instala-cións do almacén.
 - ¿ Accidentes de traballo na manipulación e no movemento de mercadorías.
 - ¿ Riscos de incendios no almacén

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Preguntas teóricas que poderán ser, todas ou parte, tipo test. (Nas preguntas tipo test as respostas incorrectas penalizan un 50% do valor da pregunta). Esta proba ten carácter eliminatorio.

Bibliografía de referencia:

- Técnicas de almacén. Editorial Paraninfo.
- Técnicas de almacén. Editorial Macgraw-hill.
- Técnicas de almacén. Editorial Editex.
- Manual técnico do almacenaxe. Mecalux

4.b) Segunda parte da proba

Exercicios prácticos sobre os contidos do currículo

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento : Utilización de calculadora e bolígrafo azul. Non se poden utilizar teléfonos móbiles ou smartwatch.

Bibliografía:

- Técnicas de almacén. Editorial Paraninfo.
- Técnicas de almacén. Editorial Macgraw-hill.



- Técnicas de almacén. Editorial Editex.
- Manual técnico do almacenaxe. Mecalux